

“A ESPADA DE MOURUÁS NO SEU CONTEXTO MATERIAL E INMATERIAL.”

Apuntes para unha análise crítica dun escenario histórico.

Miguel Losada.

Secretario da Sociedade Antropolóxica Galega

Cando no ano 1967 foron destruídas as rochas graníticas denominadas “A pastora”, en Mouruás, no concello de San Xoán do río, revelouse un gran segredo que ficaba agachado dende había 3000 anos.

Alguén, hai uns 30 séculos, depositou, de pé feito e xunto cuns aros metálicos, unha espada de bronce fincada nunha fenda da propia rocha dos Penedos da Pastora. Compre preguntármonos o porqué o fixo



O penedo da Raíña. Mouruás. San Xoán do Río.

A pastora era un conxunto de dous grandes penedos cunha estraña forma. Altos, elevados no medio da fraga da ladeira do río Navea, achegábanse unha cara á outra no seu extremo até constituír, baixo deste teito de pedra, un acubillo ou pala no que os rapaces todos de Mouruás, tres ou catro ducias daquela, tiñan sitio dabondo para facer o magosto ó abeiro da choiva.

A carón desta formación rochosa atópanse outros dous penedos, a "Raíña" e a "Moura" e unha fonte na que en tempos existiu unha grande pía de pedra na que balsaba o auga do manancial.



A Pena da Moura. Mouruás.

Compre, ademais, completar o escenario actualmente dispoñible pola vía da tradición. Outros dous centros de interese, cando menos, están vencellados na memoria colectiva co lugar de Mouruás. Son o monumental penedo da Pena Folenche, na Pobra de Trives, que está xusto da outra beira do mesmo río Navea e o propio pobo de Navea. Nestes lugares aparecen elementos materiais e inmateriais que confirman a relación xeográfica, histórica e cultural das proximidades da desembocadura do río Navea co lugar de acceso, estratéxico, que constitúe cara o interior de Galicia.



Chanzos e pías na Pena Folenche. Pobra de Trives.

Materialmente verificase a existencia de petróglifos, marcas de “ferraduras”, xunto ó río e de mais chanzos e pías rituais no penedo da Pena Folenche. As ferraduras son un motivo característico do bronce final mentres que os chanzos e as pías están sendo nestes días fundamentalmente sometidos á crítica histórica en diversos proxectos arqueolóxicos como os do monte do Señoríño en Armea, Santa Mariña de Augas Santas, Allariz, e a Pena da Moura en Coirós, A Coruña.

Segundo a tradición, as pegadas das ferraduras terían sido deixadas polo cabalo do apóstolo Santiago cando ia dando chimpos dun penedo a outro cunha direccionalidade unanimemente recoñecida.

Mais a extraordinaria configuración natural destes penedos ciclópeos, bolos graníticos produto do abismo de séculos de existencia do chamado en xeoloxía “macizo ibérico” e da acción do clima mudable das diferentes idades, a súa singularidade, non pasou inadvertida tampouco para as sociedades pretéritas.



Pala, acubillo, nas Penas dos Castros. Mouruás.

O ser humano é un ser que constrúe símbolos, o cal é tanto causa como efecto da súa vocación social na que a linguaxe non deixa de ser un caso, entre outras manifestacións, de semellante propensión.

O período no que aconteceu o depósito da espada e coñecido polos especialistas, como a profesora Beatriz Comendador, como o Bronce Final II e neste momento precipitáronse a grande escala, os cambios que se viñan xestando dende había moitos séculos na Europa mais próxima ó Océano Atlántico. Naquel tempo unha espada como esta, e hai outros exemplares atopados en lugares semellantes, era un obxecto que representaba un triple significado:

- Dunha banda era un obxecto tecnolóxico de primeira magnitude. A súa feitura era innovadora na época, estaba fundida toda nunha peza que foi forxada e perforada con posterioridade.

- Atesouraba unha gran carga simbólica. Representaba autoridade, status social e dignidade política como elementos clave da sociedade que tiña a contorna do Río Navéa como o seu centro de referencia vital.



Símbolos nas dinámicas de autoafirmación e apropiación. Cruz da Orde dos Cabaleiros de Malta nas inmediacións de Mouruás.

- Tiña ademais unha grande transcendencia económica pola súa condición de obxecto metálico e nesta dimensión acadaba o seu pleno significado cando vemos que elementos da cultura material coma este, formaban parte do gran escenario comercial que era a fachada atlántica europea onde o feito mesmo do comercio era máis importante polo feito amplo do intercambio na distancia que pola valoración "mercantil" dos produtos. De xeito análogo que á feira vaise máis pola participación nun acto comunal que pola necesidade mercantil.

Espadas como esta e demais bens viaxaban milleiros de quilómetros por vías marítimas e terrestres por toda a Europa atlántica e, con eles, o facían as persoas, e as ideas. É por iso que aquel mundo, chamado dende os anos 40 do século pasado " O Bronce Atlántico" (Santa-Olalla e Montelius), foi segundo moitos especialistas a primeira grande identidade cultural europea ou como a propia Unión Europea definiu nos anos 90, a primeira " idade de ouro" do vello continente.



O antigo camiño na beira do río Navea. O camiño do Ribón.

Tamén se poden apreciar, na escala rexional europea, os grandes cambios de aumento da demografía, expansión económica e intercambios a longa distancia. A xeralización do cultivo das fabas (*Vicia faba*) mais asociado a entornos funerarios e, xa que logo, unha vez mais relacionado cun uso simbólico, ou a crecente importancia das explotacións de sal común especialmente no centro do continente, constitúen apenas indicios que fan posible comezar a entender o complexo mundo social do Bronce final.

Pódese afirmar que Mouruás, na antiga ruta comercial que por alí pasaba mil anos antes de que Roma construise a ponte Bibeí, a ponte Navea ou a Cigarrosa, e a bisbarra enteira eran cando menos un territorio aberto ó resto do continente, exposto ás súas influencias e por que non, dotado da capacidade de difundir as súas modas, tradicións profanas ou non, compartir modismos lingüísticos e calquera outra manifestación cultural imaxinable.

O potencial metalúrxico aurífero, ferrífero, cuprífero ou estañífero das inmediacións e proximidades xeográficas, nun contexto de intercambios na escala local e rexional, xunto ca situación na beira dunha importante ruta que impón a xeografía e que moitos séculos

despois confirma a traza da Vía Nova, fai posible afirmar que a espada de Mouruás é todo un símbolo, hoxe, do que foi a sofisticación e complexidade da, ou das, sociedades nesta parte do mundo xa durante a idade do bronce.

A espada foi, pois, ofrecida ou como din os arqueólogos "amortizada", nun contexto dominado por dous factores senlleiros: o entorno fluvial e a interacción co rupestre. Do mesmo xeito que é moi importante ter isto en conta tamén noutras manifestacións culturais da idade do bronce, en moitos casos inda mais antigas, como os petróglifos galegos do período postpaleolítico. Do xogo destes factores desprégase, no pobo de Mouruás, todo un conxunto de elementos que é posible poñer en relación con outros achádegos de espadas, como a de Forcas en Parada do Sil (Ourense), os depósitos do río Ulla ou Palma de Río (Córdoba), Alconetar (Cáceres) e outros en tramos moi encaixados, vaos de ríos como o Genil, ou o Tajo mais tamén con achádegos de espadas denominadas pistiliformes, como esta de Mouruás, e outros obxectos en áreas atlánticas como as de San Brieuc-des- Iffs na Bretaña francesa, ou Wilburton no sur da Gran Bretaña.

O período no que se deposita a espada estivo caracterizado dende o punto de vista climático, por un aumento progresivo da humidade ambiental, a frescura dos vraos e en xeral, un clima mais axeitado ás economías baseadas na gandería inda que con grandes extensións de florestas de rebolos (*Quercus pirenaica*) carballos (*Quercus robur*) e outras frondosas onde os bidueiros (*Betula celtibérica*) ou avelairas (*Corylus avellana*) e teixos (*Taxus bacatta*) eran, como hoxe, taxóns existentes ou mesmo dominantes nos ambientes destas montañas, tal como teñen amosado as análises do pole no NW da península. A xente, os grupos sociais, van desenvolvendo unha relación diferente en relación ó territorio ó irse facendo o modelo de asentamento mais estable, anual, fronte os sucesivos establecementos estacionais.

Dentro deste novo modelo de ocupación do territorio tenden a ser habitados enclaves como o que ocupa o actual pobo de Mouruás: Un lugar estratéxico de control elevado sobre unha importante vía de paso próximo a espazos de interese económico e tamén simbólico. Así e de xeito coincidente con outros achádegos do occidente peninsular, como o de Buraco da Moura en Portugal, tamén en Mouruás atopamos un acubillo baixo a pena da Raíña que, hipoteticamente, puidera ter sido ocupado mesmo dende o calcolítico, ou antes, de xeito estacional para ser durante o bronce final

complementado cun poboado estable do que proviría a denominación de Pena dos Castros ou o mesmo solar do pobo de Mouruás se se confirmase arqueoloxicamente a existencia de fortificacións ou outras estruturas naquela época.

Seguindo este plantexamento a existencia de todo un conxunto de elementos rupestres vencellados a tradicións locais, como a Pena da Moura e os seus chanzos, xunto cos mencionados penedos da Pastora e a Raíña ou mesmo a inmediata fonte da Moura son coherentes. É dicir, traerían conta dende cando menos o Bronce Final e pola vía da conservación dos elementos simbólicos na tradición oral, do proceso de cambio social acontecido naquel tempo no que a nova sociedade dos inicios do primeiro milenio a.C. refrendaba o carácter sacro da Pena dos Castros de Mouruás como xeito de favorecer a cohesión social e, ca mesma, o control do seu territorio pecuario e do camiño que os conectaba co mundo.

Dou moitas grazas á señora Nesita e a Manolo pola súa amabilidade e axuda, insustituíble, para a redacción deste texto.

Bibliografía

ALVARADO BLANCO S., RIVAS FERNÁNDEZ J.C., VEGA PATO T. *La vía romana XVIII (Vía Nova). Revisión de si trazado y mensuración. II de los Limici a los Guigurri. Boletín Auriense. Anexo 25. Museo Arqueológico Provincial. Ed. Deputación Provincial de Ourense. 2000*

FERNÁNDEZ VEGA (Coord.), HERNANDO GRANDE A., MAILLO FERNÁNDEZ J.M., MUÑOZ IBAÑEZ F.J., QUESADA LÓPEZ J.M., RIPOLL LÓPEZ S. *Prehistoria II. Las sociedades metalúrgicas. Ed. Universitaria Ramón Areces. Madrid 2011.*

RUIZ-GÁLVEZ PRIEGO MARISA. *La Europa atlántica en la edad del bronce. Un viaje a a las raíces de la Europa occidental. Ed. Crítica. Barcelona 1998.*

